

NOTA DE PRENSA

Profesionais da psicoloxía reflexionan sobre os trastornos alimentarios e o vínculo de apego

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016.- O venres 26 e o sábado 27 de febreiro, vinte e cinco psicólogos e psicólogas afondarán no trauma e o apego en persoas con trastornos alimentarios nun curso que terá lugar no Hospital Lucus Augusti organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Con esta actividade preténdese abordar o xeito en que determinadas experiencias traumáticas a nivel vincular poden asociarse á aparición de trastornos alimentarios, tales como a anorexia ou a bulimia; un aspecto determinante á hora de afrontar a intervención.

Nesta actividade promovida pola Sección de Psicoloxía e Saúde, as e os profesionais da psicoloxía reflexionarán desde a óptica das experiencias temperás de vinculación coas figuras de apego, aprendendo estratexias para identificar os modelos de apego nos diferentes trastornos alimentarios. O curso partirá da teoría para afondar en diferentes casuísticas, que permitan achegarse á estrutura interna característica nos trastornos alimentarios, contribuíndo con estratexias e técnicas para que o colectivo profesional coñeza como traballala.

Os trastornos de condutas alimentarias con maior incidencia son a anorexia nerviosa e a bulimia nerviosa, que segundo diversos estudos, afectan a entre o 1 e o 4% da mocidade na nosa Comunidade, maioritariamente a mulleres. Nun estudo elaborado no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo en 2011, sinalaba que a maior incidencia destes trastornos se dá en mulleres entre os 25 e os 34 anos (5,2 casos por cada 100.000 habitantes), baixando a 4,4 na franxa de idade de 15 a 24 anos. A nivel xeral, sinala unha prevalencia de trastornos de conduta alimentaria de 82,8 casos por 100.00 habitantes, dos cales o 18,6 son casos de anorexia nerviosa; 25,7 de bulimia nerviosa e 38,3 outros trastornos da conduta alimentaria non especificados.

A docente é Natalia Seijo Ameneiros, psicóloga especialista en trastornos da conduta alimentaria. É directora do seu centro de psicoloxía especializado en trauma, disociación, trastornos alimentarios e psicosomática en Ferrol desde hai dezasete anos. Conta con numerosas publicacións e intervencións en congresos nacionais e internacionais sobre o asunto central da actividade que vai impartir.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal